

Programación cuarto trimestre 2011

VERBUM

Programación cuarto trimestre 2011

O Verbum Casa da Palabras afronta este último trimestre do ano cunha programación que lle permitirá pechar ciclos abertos ata o momento pero coa que pon xa a mirada nas novas liñas de traballo propostas no seu recentemente presentado Plan Director.

Seguen en marcha as dúas grandes exposicións abertas en primavera: Vigo Cidade Babel e Galicia nas Ondas. Por ese motivo o departamento educativo xa ten postas en marcha as visitas todos os interesados. Ademais retomamos os nosos obradoiros dominicais para familias nos que comezamos a traballar con temáticas que achegarán aos máis pequenos ao mundo da diversidade lingüística sen esquecer a literatura como tema básico de traballo. Os programas formativos continuarán cos ciclos de pensamento contemporáneo. A Xeración Nós volverá ao Verbum da man da obra de teatro que temos preparada tanto para público escolar como para familias e usuarios desexosos de achegarse dunha maneira moi lúdica aos persoeiros que a conforman. A música, a danza e o audiovisual acompañarán á palabra e á poesía en tódalas súas diversas manifestacións no festival 6x6. Poderemos ver as últimas tendencias en vídeo e documental no certame Secuencia Cero.

Presentamos así unha programación variada e que cada vez máis camiña cara os seus novos obxectivos, as linguas e a diversidade, e que de seguido pasamos a detallar:

Para os máis pequenos:

- Actividade: **Obradoiros de creación literaria**
Tipo: Obradoiros para nenos e familias
Lugar: Aula de Seminarios
Datas: Domingos 9, 16, 23 e 30 de outubro de 2011
Horario: de 12 a 13:30
Dirixido a: Nenos de 5 a 12 anos acompañados dos seus pais
Aforamento: 50 participantes
Entradas: As entradas poderán recollerse no punto de atención do museo dende media hora antes do comezo do obradoiro
- Desenvolve: **María Lado**
casatlantica@yahoo.es
Leticia Costas
lediciacostas@hotmail.com
Lucía Aldao
- Descrición: O Verbum comeza de novo os seus obradoiros dominicais para nenos e familias. A primeira sesión será o domingo 9 de outubro e nesta ocasión dedicaremos o mes a uns talleres moi interesantes nos que traballaremos temas de imaxinación e creatividade. Da man de importantes escritoras e narradoras do noso país como María Lado, Leticia Costas e Lucía Aldao, tentaremos de achegar aos máis pequenos tódolos segredos que están detrás da creación de historias. E para iso nesta ocasión queremos contar tamén coa axuda dos máis maiores que acompañarán aos cativos nesta viaxe pola creación literaria conformando así historias en común. A actividade partirá de xogos baseados na oralidade, na lectura e na narración para que, a través do traballo colectivo de tódolos asistentes, se constrúa unha historia e posteriormente poidamos narrala (para os máis cativos) ou escribila (para os máis maiores). Con estes obradoiros queremos estimular a parte máis creativa dos asistentes e fomentar o traballo en familia.
- Obxectivos: Proporcionar actividades nas que, entorno á lectura, nenos e maiores poidan traballar xuntos. Ser quen de comprender e idear o proceso creativo dunha historia. Fomentar as capacidades imaxinativas dos asistentes. Proporcionar os mecanismos para construír e, posteriormente, narrar (e escribir para os máis maiores) unha historia.

Actividade: **A viaxe fantástica de Cunqueiro**
Tipo: Obradoiros para nenos e familias
Lugar: Aula de Seminarios
Datas: Domingos 6, 13, 20 e 27 de novembro de 2011
Horario: de 12 a 13:30
Dirixido a: Nenos de 5 a 12 anos acompañados dos seus pais
Aforamento: 50 participantes
Entradas: As entradas poderán recollese no punto de atención do museo dende media hora antes do obradoiro
Desenvolve: **Pedro Cordón**
Interpretación: **María Xosé Martínez**

Descrición: O Verbum continúa a súa programación de obradoiros dominicais cunhas sesións coas que queremos seguir homenaxeando a figura de Cunqueiro nos 30 anos do seu pasamento. A Viaxe Fantástica de Cunqueiro é unha actividade que, baseada na maxia da obra cunqueirana, achegará aos asistentes a este singular universo creativo. Mesturaremos nesta actividades contacontos e obradoiros. Así os contacontos son adaptacións dalgunhas das súas obras senlleiras como Merlín e Familia ou Se o Vello Sinbad Volveuse ás Illas. Aos igual que nas novelas de cunqueiro, os asistentes atoparanse con narradores que lles contarán as historias que viviron nas súas aventuras. Pola súa banda os obradoiros, experimentando con diferentes técnicas e materiais, xirarán en torno á creación de personaxes, indumentarias e complementos inspirados nas aventuras xa narradas. O teatro de sombras será a ferramenta que nos acompañará en tódolos talleres como forma de fomentar a creatividade e o enxeño. Deste xeito a "cova negra" será o lugar no que os asistentes se converterán en protagonistas.

Obxectivos: Achegar aos asistentes a obra e figura de Cunqueiro. Transmitir a fantasía do escritor. Potenciar as capacidades de crear e imaxinar personaxes e historias, dando pola súa banda continuidade aos temas tratados nos obradoiros do mes anterior.

Contidos: Cada sesión está estruturada en tres partes:
a. Narración de historias vividas por parte dos protagonistas dos libros de Cunqueiro.
b. Creación de Personaxes
c. Escenificación de historias

As sesións seguirán as seguintes temáticas:

Día 6. O mundo de Merlín. Obradoiro de luz negra

Día 13. O mundo de Sinbad. Obradoiro de teatro de sombras

Día 20. O mundo de Ulises. Obradoiro de luz negra

Día 27. A maxia de Cunqueiro. Obradoiro de teatro de sombras

Actividade: **A Alfombra Viaxeira**
Tipo: Obradoiros para nenos e familias
Lugar: Aula de Seminarios
Datas: Domingos 4, 11 e 18 de decembro de 2011
Horario: de 12 a 13h.
Dirixido a: Nenos de 5 a 12 anos acompañados dos seus pais
Aforamento: 50 participantes
Entradas: As entradas poderán recollese no punto de atención do museo dende media hora antes do obradoiro

Desenvolve: **Teresa González**
tegoncos2000@yahoo.es

Descrición: Para finalizar o ano os obradoiros dominicais deste 2011 dende o Verbum ofrecemos a tódolos asistentes a realización dunha viaxe moi especial, un viaxe en alfombra! A nosa alfombra viaxeira.
Da man de Teresa González, premio Xerais de literatura infantil no 2010, poderemos asistir á narración das historias máis coñecidas da literatura universal como poden ser A Odisea, Moby Dick, A Illa do Tesouro, 20.000 Leguas de Viaxe Submarina... Ademais tamén haberá lugar para narracións de culturas máis afastadas o que nos permitirá que a viaxe sexa o máis completa posible polo universo da literatura infantil. Teresa González, na súa persoal adaptación narrada destas historias estará acompañada ás veces dun músico e outras dun debuxante que utilizando eses recursos artísticos acompañarán as historias e nos axudarán a crear unhas ambientacións moi especiais. Teresa conseguirá analizar as historias e resaltar curiosidades e anécdotas das mesmas e do seu autor de forma que incluso aqueles que xa as coñecemos ben seguro que aprenderemos novas cousas delas!

Obxectivos: Familiarizar aos máis pequenos coas grandes historias da nosa literatura. Dar unha nova visión sobre historias clásicas. Aportar técnicas novas e interdisciplinares para a transmisión de historias.

Actividades Formativas

- Actividade: **Novas tendencias do pensamento contemporáneo. II Edición**
Tipo: Actividades Formativas
Lugar: Aula de Seminarios
Datas: Martes e xoves do 11 ao 27 de outubro de 2011
Horarios: de 18 a 19:30h.
Dirixido a: Persoas con inquietudes culturais interesadas na filosofía e o pensamentos contemporáneos.
Aforamento: 40 participantes
Inscrición: Aqueles interesados en participar poderán inscribirse chamando ao teléfono do museo ou facilitando os seus datos por correo electrónico. As inscricións estarán abertas ata completar aforo, incluso o propio día da conferencia antes do seu comezo.
Desenvolve: **Proxecto Derriba - Abraham Rubín:**
info@proxectoderriba.org
Imparten: **Delmiro Rocha, Diego Luibán, Brais González Arribas, Francisco Conde Soto, Daniel Fernández e Abraham Rubín.**
Descrición: Os obradoiros de tendencias no pensamento contemporáneo prográmanse co obxectivo de avanzar na forxa dunha linguaxe e un vocabulario específicos en galego que se fagan cargo da problemática filosófico política contemporánea, traballando con autores actuais e dirixido tanto ao público universitario en xeral como a afeccionados á contemporaneidade das ciencias sociais, a filosofía ou a psicanálise. O obradoiro elabóranos os investigadores/as do colectivo Proxecto Derriba tratando de que a precisión técnica e contemporaneidade non sexan un impedimento para o seu carácter pedagóxico.
Obxectivos: Trazar unha panorámica xeral do chamado pensamento postmoderno. Dar a coñecer a seis dos pensadores máis relevantes e influentes da actualidade. Debater da man de investigadores cualificados as cuestións máis delicadas da situación política e filosófica actual. Favorecer o diálogo interdisciplinar entre afeccionados e especialistas en distintas materias das ciencias sociais.
Programa: Día 11. Lyotard: A fin dos metarrelatos – Delmiro Rocha
Día 13. As formas reticulares do poder na obra de M. Foucault – Diego Luibán
Día 18. D. Bensaïd: Cambiando o mundo – Brais González Arribas
Día 20. Introducción a J. Lacan - Francisco Conde Soto
Días 25 e 27. A Máquina Deleuze-Guattari – Abraham Rubín e Daniel Fernández.
Para ampliar: Carteis, folla de inscrición e programa: <http://bit.ly/qX08sH>
Documentos: http://proxectoderriba.org/obradoiros/pensamento_contemporaneoll.html

Actividades para escolares / Actividades para familias

- Actividade: **Nós**
Tipo: Programa educativo / Programa cultural
Lugar: Salón de actos
Datas: Pases para escolares: Martes 29 e mércores 30 de novembro de 2011
Pases para familias: Sábado 10 de decembro de 2011
Horarios: Martes e mércores pases ás 10 e ás 12
Sábado pases ás 12 e ás 18h.
Dirixido a: Centros educativos (4º ESO e 2º Bacharelato) familias e persoas con interese na literatura galega en xeral e na Xeración Nós en particular.
Aforamento: 120 participantes
Inscrición: Para centros escolares é preciso realizar inscrición previa no teléfono 986 240 130
Para as sesións de público familiar terán entrada libre ata completar aforo. As entradas serviránse no punto de información do museo dende media hora antes do espectáculo.
Desenvolve: **Escénate - Santiago Pérez Carrera** Director
sperez@escenate.es

Dramaturxia: **Fernando Pedrido**
Dirección: **Ana Carril del Valle**
Produción: **Natalia Jesús Morlacci**
Actores: **Melania Pérez Cruz, Francisco Salgado Rodríguez, X. Antón Porto García**
- Descrición: Nós é un espectáculo teatral de produción propia do Verbum no que, por medio de dous actores e unha actriz, coñeceremos ós membros que constituíron a Xeración Nós (Castelao, Risco, Otero Pedraio, Cuevillas) e a musa que os inspira. Cunha escena minimalista e actual o espectáculo pretende dar a coñecer aos asistentes a un grupo de renovadores da prosa galega e creadores do ideal de que o galego é válido para calquera uso, un grupo pioneiro de pensamento e creación literaria. A estrutura dramática entre os dous actores vai dando información sobre os membros do grupo ao mesmo tempo que lle imprime á obra un ritmo moi dinámico. A obra é unha viaxe que nos leva pola realidade e o momento histórico que a esta xeración lles tocou vivir, sen perder de vista facelo utilizando unha presentación atractiva e didáctica pero sempre amena e divertida.
- Obxectivos: Afondar no coñecemento da Xeración Nós dunha forma amena e didáctica. Fomentar o debate sobre a creación literaria en Galicia e os seus autores. Dar as claves para que os centros que nos visiten poidan achegarse mellor a esta xeración fundamental para entender a Galicia de hoxe.

Programa educativo para escolares

Comeza un novo curso, e dende o Servizo Educativo do Verbum comprácenos presentarvos **os novos contidos** cos que neste ano escolar **2011-2012** conta para ampliar a súa oferta educativa. Ademais seguiremos ofertando as nosas **visitas-taller**, xa consolidadas e ideadas para achegar aos centros o contido permanente do museo.

É para o Verbum de suma importancia que o noso programa educativo teña sempre nexos de unión cos currículos escolares e ao mesmo tempo, ofrecer ás/aos docentes novos recursos cos que poder traballar, por iso, tódalas visitas-taller están ideadas para achegar os contidos da Casa das Palabras dende diferentes perspectivas, xirando sempre ao redor das distintas temáticas que trata o museo onde a lingua, as linguaxes non verbais, a literatura, a historia ou o patrimonio oral serán os protagonistas.

Por iso, este ano contamos cunha mostra na que apostamos por ampliar o coñecemento sobre a diversidade lingüística, coa exposición **Vigo Cidade Babel**, poderemos dar resposta a moitas preguntas relacionadas co mundo das linguas, facendo un percorrido polas linguas do mundo, de España e mesmo da cidade de Vigo.

A exposición **Galicia nas Ondas** completa a nosa oferta para este curso, a radio son palabras, comunicación, a radio son as persoas. Durante moitos anos foi o principal medio para manter informados aos galegos e galegas, faremos unha viaxe pola súa historia a través dos equipos antigos e modernos, transmisores, aparatos de radio, micrófonos... e moito máis!

Canto dura cada visita? As visitas para a Exp. **Vigo Cidade Babel** así como **Galicia nas Ondas** teñen unha duración de **60 min**. As **visitas-taller** nos **contidos permanentes** teñen unha duración de **45 min**.

Cantos rapaces pode levar por grupo e pode combinar as distintas visitas? O número **máximo de participantes por grupo é de 30**. Cabe a posibilidade de organizar grupos máis numerosos (máximo 60) que serán divididos á súa chegada ao museo.

Cales son os horarios nos que podemos realizar as visitas?

De martes a domingo de 10:00 a 14:00h. e de 16:00 a 19:00h.

A onde me dirixo se quero máis información ou facer unha reserva? É posible reservar as actividades por teléfono, correo electrónico ou facer consulta de dispoñibilidade remitindo ao centro o formulario Teléfono: 986 240 130 - FAX: 986 240 633

Correo electrónico verbum@vigo.org ou didactica.verbum@vigo.org

Programa completo: <http://bit.ly/oGzT5n>

Programa de visitas comentadas

O programa de visitas comentadas está especialmente deseñado para aquelas persoas que queiran achegarse aos contidos do museo da man noso persoal do departamento educativo. Así, mediante reserva previa tódolos usuarios que o soliciten poderán facer unha visita guiada polos diferentes itinerarios temáticos do museo ou polas súas exposicións temporais. Estas visitas poden realizarse de Martes a domingo 10 a 14 e de 16 a 19h. A hora da visita asignarase dependendo das reservas que haxa concertadas para o día desexado.

Pero ademais, se a persoa interesada non ven en grupo se non que o fai de forma individual tamén pode igualmente beneficiarse deste tipo de visitas comentadas ás exposicións e contidos os sábados e domingos. Ás 17h. sempre haberá visitas aos contidos permanentes da primeira planta. Ás 18h. farase unha visita ás exposicións Vigo Cidade Babel e Galicia nas Ondas. Para asistir a estas visitas soamente hai que persoarse no punto de atención do museo cinco minutos antes da hora e facer saber ao persoal do museo que están interesados en realizar algunha das visitas comentadas.

Actividade: **O Enigma do Segredo. Presentación do novo poemario de María do Carme Kruckenberg**

Tipo: Programación cultural

Lugar: Aula de Seminarios

Datas: 30 de setembro de 2011

Horario: de 20 a 21h.

Dirixido a: Interesados na poesía galega

Aforamento: 40 participantes

Orzamento: Cesión de sala. Actividade gratuíta para o museo

Desenvolve: **Editorial Barbantesa**
ndudek@barbantesa.com

Descrición: Anterior na súa concepción a A voz da auga, último poemario presentado no museo e publicado por M^a do Carme, ven de publicarse O Enigma do Segredo. A voz lírica de Kruckenberg achégase ao pasado con sabedoría coñecemento, pero afronta o futuro coa emoción do descoñecido, sempre co amor -o enigma- como postura existencial.

María do Carme Kruckenberg naceu no ano 1926 en Vigo, cidade onde aínda reside. Lectora da poesía galega e de varos países do mundo revela moi cedo a súa paixón pola palabra escrita e especialmente pola poesía. No ano 49, tras unha participación activa no movemento cultural vigués dos anos 40, casa e marcha a Buenos Aires, onde reside ata o 53. Alí entra en contacto con importantes intelectuais no exilio. De volta a España pasa por Madrid, onde contacta cos escritores da revista **Garcilaso**. As viaxes son, xunto coa literatura e os amigos, outra das súas paixóns e fonte de coñecemento, pois, como ela mesma sostén: "o que máis me interesa no mundo é o coñecemento, a liberdade e o amor: por iso escribo".

É autora de máis de vinte poemarios, varios contos e diversas colaboracións en revistas. A súa poesía está recollida en varias antoloxías en galego, castelán e inglés.

Obxectivos: Complementar a programación do museo con recitais de poesía. Ofrecer unha programación máis completa. Acoller no museo recitais de grandes literatos galegos como é o caso. Dar entrada a presentación de novidades editoriais.

Para completar:- <http://www.barbantesa.com/enigma.html>
- <http://axendaaelg.blogaliza.org/2011/06/14/maria-do-carme-kruckenberg-preve-editar-dous-novos-poemarios-este-ano-2011/>

Actividade: **6x6 Punto de encontro**
Tipo: Programa cultural
Lugar: Diversos espazos do museo
Datas: Os Xoves do 27 de outubro ao 1 de decembro de 2011
Horarios: De 20:30 a 21:30
Dirixido a: Toda persoa con interese nas artes do movemento e na creación literaria.
Aforamento: Aforo variable segundo o espazo no que se desenvolva a actividade cada día
Entradas: As entradas poderán recollerse no punto de atención do museo dende media hora antes do espectáculo.

Desenvolve: **A Artística:**
Alfredo Rodríguez
Olga Cameselle
aartisticavigo@gmail.com

Artistas invitados: **Arantxa González, Patxi Valera, Alfredo Pérez, Marcos de la Fuente, Borja Fernández, Alfonso Durán, Uxía Vaello, Pepa Yáñez, Roi Fernández, Juanjo Figueroa, Toni Salgado, Girisho, Alberto Rolán, Rubén, Carlota Pérez, Pablo Sande - Tayone, Davide Salvado e Rocío González.**

Descrición: Por terceiro ano consecutivo o punto de encontro 6x6 volve a poñerse en marcha no Verbum. O 6x6 é un espectáculo producido polo Verbum e realizado ad hoc no que se invita a artistas de diferentes disciplinas a reflexionar sobre as múltiples formas da palabra. A modo de residencia artística, tutelados polos directores da compañía A Artística, os participantes traballan sobre a palabra nas súas diferentes variantes: a palabra como signo, a palabra como movemento, a palabra escrita, a palabra falada, a palabra como imaxe e a palabra sonora. O resultado son 6 espectáculos ideados por 18 creadores que, nun traballo en común, ofrecen na súa particular visión tanto do concepto como do propio espazo do museo. Cada actuación convértese polo tanto nunha peza única e irrepetible, pensada para un espazo concreto do museo e cun dos temas do seu contido como documento de traballo. O 6x6 consolídase así como un traballo de investigación e difusión dos contidos do Verbum que vincula estes cos espazos nos que se desenvolven e coas artes da música e o movemento como ferramentas de transmisión.

Obxectivos: Dar diferentes e innovadoras visións sobre as posibilidades da palabra como unidade básica da comunicación. Difundir os contidos do museo entre novos públicos. Dar unha nova visión sobre as posibilidades arquitectónicas do edificio. Facer reflexionar a creadores de diferentes ámbitos sobre temas de comunicación e lingüística. Crear un espazo de discusión sobre os contidos do museo.

Contidos: **. A Palabra Falada:** Arantxa González (actriz), Patxi Valera (músico e artista multimedia), Alfredo Pérez (Clown)

- . **A Palabra Imaxe:** Marcos de la Fuente (Poeta e performer), Borja Fernández (Actor multidisciplinar), Alfonso Durán (Artista visual)
- . **A Palabra Escrita:** Uxía Vaello (Actriz), Pepa Yáñez (actriz e cantante) e Roi Fernández (músico)
- . **A Palabra Sonora:** Juanjo Figueroa (músico), Toni Salgado (Actor) e Girisho (Clown e acróbata)
- . **A Palabra Movemento:** Alberto Rolán (actor), Rubén (Músico), Carlota Pérez (danza)
- . **A Palabra Signo:** Pablo Sande – Tayone (Artista visual), Davide Salvado (Cantante), Rocío González (Actriz)

Para ampliar: <http://www.aartistica.net/Artistica/6x6.html>

Actividade: **Secuencia Cero. 8º Certame de Vídeo e documental**

Tipo: Programa cultural

Lugar: Salón de actos

Datas: 17, 18 e 19 de novembro de 2011

Horarios: De 18 a 20'30h.

Dirixido a: Tódalas persoas interesadas nas novidades das creacións audiovisuais.

Aforamento: 180 participantes

Desenvolve: **Asociación Secuencia Cero - Tomás**

tomural72@hotmail.com

Descrición: Secuencia Cero é unha cita xa tradicional na programación do Verbum. Este certame centrado no vídeo e a curtametraxe ven celebrándose no Verbum dende a súa terceira edición. Á cita preséntanse máis de 500 traballos e no proceso de selección dos mesmos sempre participan persoeiros de especial relevancia no sector cultural. Así un ano máis poderemos ver as curtametraxes e documentais de última creación e nos que admiraremos as realidades que nos rodean dende diferentes ópticas. A Videoinstalación que nos recibirá antes de entrar á sala de proxección correrá este ano a cargo do artista Pablo Silva. O fin de festa virá da man do Colectivo Oruga. E os premios para os galardoados serán este ano obra de Cecilio Chaves.

Obxectivos: Dar a coñecer as últimas tendencias en videocreación e comunicación audiovisual. Investigar sobre a potencialidade do audiovisual como formato de comunicación. Tratar de achegar outras culturas e linguaxes a través das curtametraxes.

Para ampliar: <http://www.secuenciacero.com/>

- <http://secuenciacero-secuenciacero.blogspot.com/>

<http://www.ceciliochaves.com/> - <http://colectivooruga.blogspot.com/>

Esta temporada 2011-2012 as exposicións temporais do Verbum veñen marcadas pola comunicación e a diversidade lingüística. Inauguradas a finais da primavera as dúas grandes exposicións para esta temporada serán Vigo Cidade Babel e Galicia nas Ondas. A segunda pretende achegar aos visitantes a un medio de comunicación como é a radio a través da súa historia en Galicia. A primeira pola contra é o primeiro paso nesta nova etapa, bebe directamente das fontes do recentemente aprobado plan director do museo e achéganos á realidade da diversidade lingüística con exemplos que son facilmente observables na nosa propia cidade, Vigo, unha cidade Babel.

Por último, e rematando coa programación de exposicións da etapa anterior, a exposición de Vilagrafías prorrogouse un mes máis e estará aberta no museo ata o 30 de outubro. Nela poderemos ler poemas dos principais creadores galegos do momento, acompañados das imaxes do fotógrafo Anxo Cabada.

Exposición: **Vilagrafías**

Tipo: Programa de exposicións temporais

Lugar: Sala de exposicións temporais

Datas: Do 7 de xullo ao 30 de outubro de 2011

Horarios: De 10 a 19h.

Dirixido a: Interesados na poesía galega e na fotografía contemporánea

Desenvolve: **Anxo Cabada**
anxocabada@gmail.com

Descrición: Vilagrafías é unha recreación poético-fotográfica de xeografía visual e sentimental das vilas e cidades galegas. A partir das palabras de escritores como Xosé María Álvarez Cáccamo, Xaquín Chaves, Heidi Kuhn Bode, Chus Pato, Marilar Alexandre ou María Xosé Queizán, entre outros, que naceron, viven ou senten as vilas, e dende a experiencia cultural e vital das fotografías de Anxo Cabada, gozaremos dun mergullo nos lugares. Neles a imaxe e a sombra chegan a fundirse coa cidade, para facer un exercicio de reflexión sobre os espazos de dentro-fora, día-noite, observador-actor, tentando recrear o labirinto da cidade, onde fotografía e poesía nun camiño que transcorre en vías paralelas, buscan a súa propia expresión, a expresión da procura do noso imaxinario. A poesía e a fotografía teñen o mesmo itinerario e ás veces as mesmas postais na maleta. As vilas estanse a converter no grande escenario da terra, o labirinto perfecto para atopar o corazón perdido das cousas. É ben certo que até agora a vida na cidade era sinónimo de progreso, máis hoxe son moitas as urbes que se converteron en escenarios do desencanto. Así, dende a ilusión ou o medo, as cidades resultan indefinibles.

Obxectivos: Facer un exercicio de investigación visual sobre poemas. Invitar a reflexionar sobre a capacidade de evocación visual dos escritor literarios.

Para ampliar: http://www.verbum.vigo.org/verbumtv/17es_vilagrafias.html
<http://www.verbum.vigo.org/virtual/25Vilagrafias/vilagrafias.php>

Exposición: **Vigo Cidade Bable. O Verbum da diversidade lingüística**
Tipo: Programa de exposicións temporais
Lugar: Vestíbulo 1
Datas: A partir do venres 29 de abril de 2011
Horarios: De 10 a 19h.
Dirixido a: Linguistas, filólogos e persoas interesadas nas linguas e na diversidade cultural
Desenvolve: **Sabela López Pato**

sabela@terceirapersona.com

Proxecto: Terceira Persoa s.l.

Comisarios: Fernando Ramallo e Sabela Pato

Documentación: Oriana Méndez Fuentes

Equipo técnico audiovisual: Alba Vázquez Carpentier e Ana Cabanelas

Deseño: disigna Edenia s.l.

Mediadoras culturais: Belén Arránz, Carolina Díaz e Xeno

Intérpretes de linguas de señas: Liliana Nantes e Enric Lluch Rué

Descrición: O Verbum, tras aprobar o seu novo plan director, presenta esta exposición no que se desengranan as súas principais liñas de actuación centradas na diversidade lingüística. A mostra conta de tres ámbitos: un adicado ás linguas do mundo, outro ás linguas de España e outro ao galego en Vigo. No primeiro ámbito interrogámonos sobre a definición de lingua/s, a súa cuantificación, a relación linguas/estado, a xestión da diversidade lingüística, a relación diversidade lingüística/biodiversidade, etc. O diálogo introdúcenno, nun audiovisual, os lingüistas Fernando Ramallo (Universidade de Vigo) e Carme Junyent (Universidade de Barcelona). Contamos ademais con diverso material interpretativo e científico elaborado especificamente para a mostra. A cartografía abarca mapas das familias lingüísticas, das linguas do mundo, de linguas por Estados (faladas, oficiais e en perigo), ou mapas que perfilan a extensión dos Estados en función do número de linguas. Os audiovisuais preséntase neste ámbito como unha instalación realizada a partir dunhas vinte entrevistas a veciños e veciñas de Vigo procedentes da inmigración ou arraigadas orixinalmente noutros territorios, priorizando os que teñen como lingua materna unha lingua ameazada ou non dominante. Son falantes de edo, ga, urhobo, fante, wolof, quechua, guaraní, romaní, cíngaro, árabe, urdu, lituano, portugués de Brasil, gaélico, chinés wen zhou, xaponés, linguas de signos rusa e portuguesa, etc. Trátase de que a xente que visite o museo coñeza diferentes situacións sociolingüísticas e, tamén, de trazar un insospeitado retrato lingüístico e humano da cidade. O seguinte ámbito está centrado nas linguas de España, conta tamén con diversos materiais interpretativos e os falantes teñen novamente unha importancia crucial. O espazo conta unha instalación audiovisual en catalán, éuscaro, galego, castelán, aranés, aragonés, asturiano, árabe de Ceuta, tamazight, portugués de Extremadura, caló, fala, linguas de signos española e catalana. Finalmente, o último espazo está destinado ao galego e ao galego en Vigo. Aquí tamén contamos con gráficas, cartografía lingüística da cidade por barrios, etc. Un material interpretativo mediante o que se expón e documenta a perda de falantes do galego e os hábitos lingüísticos dos veciños e veciñas.

Exposición: **Galicia nas Ondas**
Tipo: Programa de exposicións temporais
Lugar: Vestíbulo 2
Datas: A partir do mércores 4 de maio de 2011
Horarios: De 10 a 19h.
Dirixido a: Comunicadores, xornalistas e persoas interesadas na radio como medio e como forma de lembranza
Desenvolve: **Sabela López Pato**
sabela@terceirapersona.com
Comisario: **Manuel Rodríguez**
manuel.rodriquez.fernandez@usc.es
Deseño: Edenia s.l.

Descrición: Na primeira metade dos anos trinta do século XX comezan as emisións radiofónicas en Galicia. As primeiras foron en xaneiro de 1933, en Santiago de Compostela, para promover o Estatuto de Autonomía da II República. Pero case inmediatamente, impulsadas por empresarios pioneiros, naceron as primeiras emisoras de Vigo, A Coruña, Pontevedra, Ourense e Lugo. O impacto do novo medio foi inmediato, chegando a converterse, co paso dos anos, en imprescindible na vida galega do século XX. Xa que logo, é unha memoria na que estamos todos e todas. Como ten afirmado o catedrático de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela, Xosé Soengas, a radio foi o único medio de comunicación habitual de miles e miles de galegos e galegas durante boa parte da pasada centuria, que o viviron, sentiron e soñaron como ningún outro. Para revivir esa mesma emoción e coñecer a relevancia deste medio de comunicación na vida galega das últimas oito décadas nace **Galicia polas ondas. Proxecto Museo da Radio de Galicia**. A exposición está promovida polo Concello de Vigo, a través do museo Verbum. Casas das Palabras, que será a súa sede estable. Con esta iniciativa este espazo cultural de referencia reforza os seus contidos –o seu obxectivo é a palabra en todas as súas formas de expresión– e achégase aínda máis a todo tipo de públicos, mediante un proxecto que implica a todos os galegos e galegas. **Galicia polas ondas** foi posible grazas ao aporte desinteresado das emisoras galegas pioneiras, que acumulan o patrimonio máis emblemático, pero tamén resultou decisiva a colaboración dos medios máis recentes, con materiais fotográficos, sonoros, etc. Así mesmo, non menos esenciais son os fondos cedidos por coñecidos profesionais históricos da radio en Galicia e, sobre todo, por diversos museos, institucións, arquivos e fundacións. Tal é o caso, do Museo do Pobo Galego, Museo de Pontevedra, Fundación Penzol, Arquivo Pacheco, Arquivo Provincial de Lugo, Proxecto Interuniversitario Nomes e Voces, Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos, etc. O feito de que esta exposición teña como escenario a cidade de Vigo fixo decisiva a especial colaboración amosada por Radio Vigo, ao contar con boa parte dos fondos materiais, gráficos e sonoros máis significativos que se coñecen, xa desde a década dos trinta.

Actividade: **Recital de poesía “Vigo y su talismán” do grupo de poesía Brétema.**

Tipo: Programa cultural

Lugar: Aula de seminarios

Datas: 8 de outubro de 2011

Horarios: de 19 a 20h.

Dirixido a: Persoas interesadas na poesía

Aforamento: 40 persoas

Desenvolve: **Brétema Grupo Poético - Amante Romero - Presidente**

grupo.poético.bretema@gmail.com

grupobretema.consultasyatencion@gmail.com

María Luisa López Castro – Secretaria

Entradas: As entradas poderán recollerse no punto de atención do museo dende media hora antes do recital

Colaboración: Colaboración cedendo o espazo

Descrición: O Grupo Poético "Brétema" nace na década dos 70, quedando instituído como agrupación no ano 98. Dende os seus comezos o grupo ven publicando unha revista trimestral de creación literaria. Ten publicados dous libros: Primeira e Segunda Antoloxía do Grupo Poético "Brétema". Na actualidade prepara a súa terceira obra antolóxica. As súas actuacións realízanse por distintos escenarios locais e provinciais. Actualmente conta con preto de 50 compoñentes. O Verbum Casa das Palabras acolle por segunda ocasión un dos animados recitais deste grupo poético. Ademais desta volta o recital estará amenizado polo grupo musical Os bohemios e por diferentes imaxes que poderemos ver proxectadas e que ven seguro que animarán as voces dos 20 poetas que pasarán pola sala e que nos amosarán as súas creacións máis recentes.

Obxectivos: Dar cabida no centro á poesía tradicional.

Para ampliar: <http://grupo-bretema.blogspot.com/>

Actividade: **1ª Edición da Mateada Cultural**

Tipo: Programa cultural

Lugar: Salón de Actos

Datas: 5 de novembro de 2011

Horarios: de 18 a 19h.

Dirixido a: Persoas interesadas en coñecer outras culturas en especial aquelas que se desenvolven entorno ao mate

Aforamento: 180 participantes

Entradas: As entradas poderán recollerse no punto de atención do museo dende media hora antes do obradoiro

Colaboración: Colaboración cedendo o espazo

Desenvolve: Jaime Deulofeu

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



VERBUM

Casa das Palabras

Descrición: A través da lectura de poemas, contos e relatos dedicados ao mate e a mostra dalgunhas creacións relacionadas o encontro pretende dar a coñecer a función do mate como elemento unificador de persoas e culturas e a súa relación coa literatura e a música.

Obxectivos: Informar sobre a cultura do mate. Poñer en valor o mate como elemento de unión. Relacionar o mate coa literatura e a música.

Para ampliar: <http://centrodeartedeulofeu.blogspot.com/>

Cartel: <http://bit.ly/pM3GHM>

Avenida de Samil 17
36212 Vigo
T +34 986 240 130
F +34 986 240 633
verbum@vigo.org
www.verbum.vigo.org

Actividade: **Homenaxe póstumo ao irmán Virxilio González**
Organiza: **Aspanaex** Asociación a favor das persoas con discapacidade intelectual
Lugar: Salón de Actos
Datas: 1 de outubro de 2011
Horarios: De 18:30 a 19:30h.
Contacto: **Beatriz Macías López - Directora Aspanaex**
direccion@aspanaex.org

Actividade: **V Charlas Formativas Aspanaex: Benestar físico e emocional das persoas con discapacidade intelectual**
Organiza: **Aspanaex** Asociación a favor das persoas con discapacidade intelectual
Lugar: Salón de Actos e Aula de Seminarios
Datas: 7 e 8 de outubro de 2011
Horarios: Venres de 16:15 a 20:30h. - Sábado de 10 a 14:00h.
Contacto: **Beatriz Macías López - Directora Aspanaex**
M^a Jesús Varela Tabares - Traballadora Social
trabajosocial@aspanaex.org - direccion@aspanaex.org

Actividade: **6ª Xuntanza Internacional de Habaneras e Canto Coral**
Organiza: **Asociación Coral Polifónica Anduriña**
Lugar: Salón de Actos
Datas: 15 de outubro de 2011
Horarios: De 19 a 21:30h.
Contacto: **Emilio Pérez**
Jose Antonio Rodríguez Pérez

Actividade: **Xornadas anuais sobre hiperactividade**
Organiza: **Anhida** - Asociación de Nenos con Hiperactividade e Déficit de Atención
Lugar: Salón de Actos e aula de seminarios
Datas: 11 e 12 de novembro
Contacto: **Raquel**
anhidavigo@anhida.org

Actividade: **Ciclo de Cine Infantil**
Organiza: **Concellería de Benestar Social**
Lugar: Salón de Actos
Datas: 13, 20 e 27 de novembro de 2011
Horarios: De 17'30 a 19'30h.
Contacto: **Cristina Gómez**
ofi.muller@vigo.org

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA



VERBUM

Casa das Palabras

Actividade: **Xornadas Feafes**
Organiza: **Feafes** - Federación de Asociacións de Familiares e enfermos mentais de Galicia
Lugar: Salón de Actos
Datas: 1 e 2 de decembro de 2011
Contacto: 986 485 779
feafesvigo@feafesgalicia.org

Avenida de Samil 17
36212 Vigo
T +34 986 240 130
F +34 986 240 633
verbum@vigo.org
www.verbum.vigo.org

